

A ABRAIANTE VIDA DE BRAIAN

*Spasmo 2011-12,
grupodeTeatrodoSantalrene*

Inspirada na adaptación do grupo de teatro Gargallada: A ABRAIANTE VIDA DE BRAIAN.

A ABRAIANTE VIDA DE BRAIAN

Spasmo, grupo de Teatro do Santalrene. 2011-12

Re-adaptación do libreto: Bernardino Gándara e Sindo Fernández.

Responsables Spasmo: Sindo Fernández, Araceli Villanueva e Bernardino Gándara.

(Canto xudeu.)

ESCENA 1ª: A ADORACIÓN DOS MAGOS

(Escoitase chorar ao bebé Braian)

MAGO 1: Boas noites!

NAI: *(Asustada ao velos)* Ahhh! Quen sodes?

MAGO 1: Nós somos os Magos de Oriente.

NAI: O queeee!?

MAGO 1: Os Magos de Oriente.

NAI: Ben, e que cona fan espertando á xente ás dúas da mañá? Iso non parece moi decente.

MAGO 2: Nós somos astrólogos.

MAGO 3: Vimos de Oriente.

NAI: Que clase de broma é esta?

MAGO 3: Queremos adorar ao recién nacido.

MAGO 1: Debemos postrarnos ante el.

NAI: Postrarvos? Estadades bébedos! Que noxento! Veña, fóra de aquí! Tentando enganarme con estúpidos contos orientais. Veña, fóra!

MAGO 2: Non, espere. Nós debemos adoralo.

NAI: Pois vaian adorar ao fillo doutra!

MAGO 3: Nós vimos guiados por unha estrela.

NAI: Mais ben guiados por unha botella! Fóra axiña!

MAGO 1: Temos que velo.

MAGO 2: Trouxémoslle regalos.

NAI: Fóra!

MAGO 3: Ouro, incenso e mirra.

NAI: Por que non o dixeron antes? Ben, aí está o neno. Desculpen, o portal está un pouco desordenado. Dígame, que carallo é iso da mirra?

MAGO 1: É unha sustancia aromática moi especial.

NAI: Unha sustancia? Non lle dea iso ao neno! Pode “enganchalo”!

MAGO 1: Por que?

NAI: É unha droga moi perigosa! Tírea na maseira!

MAGO 1: Non, non o é.

NAI: Sí o é! É moi perigosa e está prohibida... *(fica dubidando)*

MAGO 2: Non, é un aceite

NAI: Hai... hai unha droga con ese nome... ou soñaríao? Así que son astrólogos, eh? Entón, que é o neno?

MAGO 3: Eeh?

NAI: Cal é o seu signo do zodíaco?

MAGO 3: Capricornio.

NAI: Capricornio? Como son os capricornio?

MAGO 2: Ehhh.. El é o fillo de Deus, o noso Mesías.

MAGO 1: O Rei dos xudeus.

NAI: E todos os capricornio son así?

MAGO 3: Non, non, non. Só el.

NAI: Iso está ben, se nón habería un montón de mesías.

MAGO 2: Que nome lle puxo ao neno?

(Música celestial ou de banda sonora)

NAI: Braian.

OS MAGOS: *(Axeonllados)* Nós adorámoste, oh Braian! Ti es o Rei entre todos nós! Alabado sexa Braian e Deus, noso pai! Amén.

NAI: Fan isto moitas veces.

MAGO 1: Que cousa?

NAI: Este rezo tan raro.

MAGO 1: Non, non, non.

NAI: Ben se o van facer de novo teñen que ensaialo un pouco. *(botándoos da casa amablemente)* Moitas grazas polo ouro e incenso. O bálsamo poden levalo. Quizais noutra ocasión, vale? Non? Ben vale, moitas grazas. Ata outra.

(Falándolle ao neno) Parecían boa xente, algo espurridos pero aínda así... *(móstralle a bolsa co ouro)* mira isto!

(Entran de súpeto os tres Magos e quítanlle o ouro e o incenso)

MAGO 2: Isto é noso!

MAGO 3: Confundímonos de portal!

NAI: *(Resistíndose)* É do meu neno!

MAGO 1: *(Quítanlle a bolsa, danlle unha labazada e saen)* Cale a boca!

(Soa de novo a música celestial e os Magos diríxense ao verdadeiro portal do que sae unha intensa luz)

MÚSICA: *(Soa unha canción mentres se describe MIMICAMENTE a chegada á madurez de Braian)*

ESCENA 2ª: O SERMÓN DA MONTAÑA

X.C: (En off)

Benaventurados os que escoitan a palabra de Deus.

Benaventurados os pobres en espírito, porque deles é o reino dos ceos.

BRAIAN: Nai, cada vez veñen menos homes escoitar aos predicadores.

NAI: Deben estar na lapidación. *(Berrando)* Fala máis alto!

NARIZOTAS: Shhhh!

BRAIAN: Cale, mai.

X.C:(Durante toda a escena escóitase ao fondo, baixiño, a Xesus declamando as Benaventuranzas).

Benaventurados os que teñen fame e sede de xustiza, porque eles serán saciados.

Benaventurados os que choran, porque eles recibirán consolación.

NAI: Non podo entender nada! Imos á lapidación!

NARIZOTAS: Shhhh!!!!

BRAIAN: Podemos ir á lapidación calquera outro día.

NAI: Veña, vamos, Braian!

NARIZOTAS: Silencio, por favor! Poden calar dunha vez!

IRMÁ da N: Non metas o dedo no nariz.

NARIZOTAS: Non metía o dedo no nariz. Estábame rascando.

IRMÁ da N: Estabas metendo o dedo no nariz mentres falabas con esa señora.

NARIZOTAS: Non o facía!

X.C:Benaventurados os misericordiosos, porque eles alcanzarán misericordia.

Benaventurados os de limpo corazón, porque eles verán a Deus.

CARADURA: Por favor! Non podo escoitar nada do que está a dicir!

IRMÁ da N: Non se entrometa! Estou a falar co meu irmán!

CARADURA: Ben, fale con el en calquera outro momento. Non podo escoitar unha puta merda do que din!

NARIZOTAS: Non diga tacos neste lugar sagrado.

CARADURA: Díxenlle unicamente que calase, así eu podería escoitar algo do que el está dicindo, narizotas!

IRMÁ da N: Non lle chame ao meu irmán “narizotas”!

CARADURA: Ben, el ten un nariz moi grande.

X.C: Benaventurados os pacíficos, porque eles serán chamados fillos de Deus.

Benaventurados os que padecen persecución por causa da xustiza, porque deles é o reino dos ceos.

HOME: Poden estar caladas, por favor? Que foi o que dixo!

CARADURA: Non o sei, estou distraída falando co “narizotas”

MULLER 1: Creo que dixo “benaventurados os paníficos”

MULLER 2: Quen son os “paníficos”?

HOME: Penso que debe referirse aos industriais do pan.

CARADURA: *(Fala co Narizotas.)* Non o ve? Se estivese calado poderíamos escoitar todo o que di, narizotas!

NARIZOTAS: Vale, dío unha vez máis e esmágoche esa fodida cara!

CARADURA: Cale un momentíño! Debe estar dicindo: “benaventurados os narizotas”

BRAIAN: *(Fala ca Caradura.)* Déixeo en paz!

CARADURA: Eh, ti tampouco estás mal do nariz. De onde sodes? Napiápolis? Da cidade dos narizotas?

NARIZOTAS: Dío unha vez máis! Voute rebentar, malnacida!

IRMÁ da N: Coida a túa linguaxe! E non metas o dedo no nariz.

X.C: Benaventurados os mansos, porque eles recibirán a terra por herdade.

NARIZOTAS: Non metera o dedo no nariz. Ía zoscarlle unha ostia!

MULLER 2: Escoitaron? Benaventurados os gansos.

HOME: Os gansos?

MULLER 1: Ao parecer, eles herdarán a terra.

HOME: Algún ten un ganso?

IRMÁ da N: Ti non vas zoscarlle unha ostia a ninguén.

NARIZOTAS: Zoscareilla se volve chamarme “narizotas”

CARADURA: Cala dunha vez! Narizotas.

X.C:

Benaventurados os mansos, porque eles recibirán a terra por herdade.

Benaventurados os de espírito xeneroso, porque eles herdarán a terra.

Benaventurados os puros de corazón, porque eles verán a Deus.

NARIZOTAS: Está ben! Advertincho. Vouche zoscar ata que rebentes!

IRMÁ da N: Escoitade! Os mansos! Benaventurados os mansos! Oh, iso é precioso, non? Agrádame que poidan ter algo, co mal que o pasan.

CARADURA: *(Fala co público.)* A verdade é que el ten un nariz ben grande, non cren?

NARIZOTAS: Está ben, o teu nariz sairá por detrás da túa cabeza cando remate contigo!

MULLERES e HOME: Shhh!

CARADURA: *(Escudada tras outra muller.)* E a ti quen che bateu no nariz? O irmán maior de Goliat?

NARIZOTAS: De acordo. Foi o derradeiro aviso.

BRAIAN: Calen dunha vez!

(O Narizotas quere golpear á Caradura pero golpea a Muller 1. Entón o Home zóscalle ao Narizotas, tamén a Muller 2. A Irmá quere defendelo.)

NARIZOTAS: Déixádeme en paz! Oh,oh,oh! *(Comenza a recitar as benaventuranzas para que paren de zoscarlle)* Benaventurados os aflixidos porque eles atoparán consolación! Benaventurados os mansos de espírito porque eles terán a paz!

NAI: *(Tira de Braian polo brazo)* Veña, arrea! Imos á lapidación!

BRAIAN: Está ben.

Aparecen catro membros do FPX: Judith, Reg, Marta e Lucas. Braian queda abraiado por Judith.

REG: A relixión non é máis que un interese creado polo “status quo”.

LUCAS: Ese Xesús non se dá conta de que o problema é que os mansos son o problema.

JUDITH: Si, completamente certo, estou contigo.

NAI: Veña! imos dunha vez, Braian, ou cando cheguemos alá xa o terán apedreado.

BRAIAN: Está ben.

ESCENA 3ª: PEDRAS, SEÑOR?

(Braian e a súa nai camiño da lapidación)

BRAIAN: Mamá, teño grande o nariz?

NAI: Oh, para xa de falar de sexo.

BRAIAN: Non o facía.

NAI: Ti sempre estás co mesmo...da mañá á noite. “Gustaralle ás rapazas isto?”, “gustaralle ás rapazas aquilo?”. “É demasiado grande?”, “é demasiado pequeno?” *(Saca unha barba postiza e pona)* Que asco! Odio levar estas barbas!

BRAIAN: Por que as mulleres non poden ir ás lapidacións, mamá?

NAI: Porque está escrito. Esa é a razón.

(Sae o Comerciante)

COMERCIANTE: Hei! Pedras? Pedras, señor?

NAI: Naah! Alí hai un montón delas tiradas polo chan.

COMERCIANTE: Oh, non coma estas, señor. Míreas ben. Observe a súa calidade! Son obras de arte, señor.

NAI: Hmmm... está ben. Déame dúas con punta e unha grande e chan.

BRAIAN: Podes mercarme unha chan, mamá?

NAI: Shhh! Cala a boca.

BRAIAN: Quero dicir, papá.

NAI: Ehh, de acordo. Dúas con punta, dúas chairas e un paquete de grava.

COMERCIANTE: *(Vaille dando o pedido)* Dúas con punta, dúas chairas e un paquete de grava... Parece que vai ser boa a lapidación desta tarde.

NAI: Hehh?

COMERCIANTE: E un do pobo.

NAI: Iso está ben.

COMERCIANTE: Que gocen!

ESCENA 4ª: A LAPIDACIÓN

*(En escena as mulleres disfrazadas con barbas murmurando. Súmanse ao grupo Braian e a nai. Entra o axudante con Cleofé. Suben de tono os murmurios. Entra o Sanedrín e calan todas)*SANEDRÍN: *(Lendo un pergamiño)* Cleofé, filla de Deuteronomus!CLEOFÉ: *(Fala co axudante)* Debo responder ?

AXUDANTE: Si.

CLEOFÉ: Presente!!!

SANEDRÍN: Fuches declarada culpable polo consello de anciáns da cidade por pronunciar o nome do Señor, e polo tanto,de blas-fe-mar!!!

MULLERES: Ooooooh!!!

SANEDRÍN: Deberás ser lapidada ata morrer.

MULLERES: Aaaaaah!!!

CLEOFÉ: Eu... eu gozara dunha cea deliciosa, e simplemente lle dixen a miña irmá: este trozo de mero é digno de Jehovah!

MULLERES: Ooooooh!!!

SANEDRÍN: Blasfemia! Díxoo de novo!

MULLERES: Si! Díxoo! Díxoo!

SANEDRÍN: Escoitástelo todos?

MULLERES: Si! Si!, escoitámolo!

MULLER 1: *(Con voz de muller)* É certo

(Silencio)

SANEDRÍN:*(Mosqueado)* Hai entre vós algunha muller?

MULLERES: *(Con voz grave)* Non, non, non...

SANEDRÍN: Moi ben, pola autoridade que se me outorga...

(A Muller 2 lanza unha pedra a Cleofé)

CLEOFÉ: Ai! Parade! Aínda non empezamos!

SANEDRÍN: A ver! Quen lanzou a pedra? Veña! Quen a tirou?

MULLERES: Foi ela! Foi ela! *(con voz grave)* Foi el! Foi el! Foi el!

MULLER 2: Síntoo moito, pensei que xa comezara.

SANEDRÍN: Atrás! Veña, á última fila!

MULLER 2: *(Vaise cara atrás)* Vaia fastidio!

SANEDRÍN: Sempre hai alguén que non se entera! Onde estabamos?

CLEOFÉ: Escoite! Eu creo que non poden considerarme blasfema só por dicir Jehovah.

MULLERES: Volveu dicilo! Volveu dicilo!

SANEDRÍN: *(Fala con Cleofé)* Non fas máis que empeorar as cousas!

CLEOFÉ: Empeoralas? Como poden estar peor? *(Bailando)* Jehovah! Jehovah! Jehovah!

MULLERES: Oooooh!!!

SANEDRÍN: Advertincho! Se dis unha vez máis “Jehovah”...

(A Muller 3 apedrea ao Sanedrín)

SANEDRIN: *(Mosqueado)* Ben... Quen foi! *(silencio)* Veña! Quen foi!

MULLERES: Foi ela! foi ela! *(con voz grave)* El, el, el, el.

SANEDRÍN: Fuches ti?

MULLER 3: Si.

SANEDRÍN: E ben?

MULLER 3: Vostede dixo “Jehovah”

MULLERES: Oooooh!!! *(Todas as mulleres apedrean a Muller 3)*

SANEDRÍN: Alto! Paren xa! Paren dunha vez! Agora atendan...Ninguén tirará ningunha pedra ata que eu dea a orde!!! Entendido? Inclusive, e vouno deixar ben claro...inclusive se alguén di “Jehovah”

MULLERES: Oooooooh!!!! *(Apedrean masivamente ao Sanedrín, que queda tendido no chan, mentres Cleofé aproveita para escapar correndo)*

(O axudante arrastra ao Sanedrín fóra da escena. A vendedora de pedras vainas recollendo)

COMERCIANTE: O que eu lles diga... As pedras para quen as traballa!!!

ESCENA 5: A NAI DILLE A BRAIAN QUE EL É ROMANO

(Braian e a súa nai entran na casa onde agarda sentado un Centurión)

NAI: Oh!

CENTURIÓN: Boas tardes.

NAI: Ah, boas oficial. Eh... estarei con vostede axiña. De acordo, cariño?

BRAIAN: Que fai ese aquí?

NAI: Veña, non empeces con iso, Braian, e vai limpar o teu cuarto.

BRAIAN: Malditos romanos!

NAI: Mira, Braian. Se non fose por eles, nós non poderíamos ter todo isto. *(Sinala toda a casa)* Non o esquezas.

BRAIAN: Nós non lle debemos nada aos romanos, mamá.

NAI: Ben, iso non é de todo certo, Braian.

BRAIAN: Que queres dicir?

NAI: escoita. Recordas que hai un pouco preguntáchesme polo teu nariz?

BRAIAN: O meu nariz?

NAI: Si. Hai unha razón para que sexa tan grande, Braian.

BRAIAN: Que razón?

NAI: Ben, creo que debín contarcho hai moitos anos, pero...

BRAIAN: Que?

NAI: BRAIAN, o teu pai non é o señor Cohen.

BRAIAN: Nunca pensei que o fora.

NAI: Non sexas descarado! Teu pai era romano, Braian. Era un centurión do exército romano.

BRAIAN: Quere dicir que... que foi violada?

NAI: Ben, digamos que ao principio, si.

BRAIAN: Quen foi?

NAI: Chamábase Máximo Mínimus. Prometeume o mundo enteiro. Dixo que me levaría a Roma. Que entraría con el no Forum. *(Evocando)* Escravos, leite de burra, e tantos manxares como eu poidera comer... e, de súpeto, terminou comigo, pumba! Desapareceu como unha rata nun sumidoiro!

BRAIAN: Que cabrón!

NAI: Ben seguro. Así que a próxima vez que fales dos “malditos romanos”, non esquezas que ti es un deles.

BRAIAN: Eu non son romano, nai, e xamais o serei! Son un xudeu, un israelita, un semita, un hebreo!, *(marcha enfadado)* Si mamá, son un sionista, un nariz no deserto!

NAI: Sexo, sexo, sexo, sempre pensando no mesmo. *(Diríxese ao centurión que permaneceu toda a escena sentado e agora ponse de pé)* O de costume, oficial?

ESCENA 6: BRAIAN ATÓPASE COA F.P.X. NO FORUM

(Braian pasea cunha bandexa. Na escena aparecen e sentan Judith, Reg, Marta e Lucas.)

BRAIAN: Linguas de cochorra! Fígados de paporrubio! Cerebros de pardal! Orelas de leopardo! Pezóns de loba fritidos! Próbeos quentiños. Están deliciosos. Rosquillas de dromedario, só por medio denario! Morcegos da toscana salgados!

(Escóitanse sons de trompetas)

PRESENTADOR: *(en off)* Damas e cabaleiros. O seguinte combate será entre Marte, a filistea asasina, e Cleofé, a Samaritana blasfema.

Transición: *1ª secuencia da loita entre Marte e Cleofé.*

JUDITH: Na miña opinión, Reg, calquera grupo anti-imperialista coma o noso debe ter en conta cada unha das diverxencias que concorren na nosa base social.

REG: Estás de acordo, Marta?

MARTA: Si, penso que o que expón Judith é moi válido, Reg, sempre que o Movemento non esqueza que é un dereito inalienable de cada home...

LUCAS: Ou muller.

MARTA: Ou muller...liberarse a si mesmo...

LUCAS: Ou a si mesma.

MARTA: Ou a si mesma.

REG: De acordo.

MARTA: Grazas, irmán.

LUCAS: Ou irmá.

MARTA: Ou irmá. Por onde ía?

REG: Coido que xa acabaras.

MARTA: *(Dubitativa)* Oh, está ben.

REG: Item máis. É un dereito innato de cada home...

LUCAS: Ou muller.

REG: Por que non paras con iso das mulleres! Queres burlarte de nós?

LUCAS: As mulleres teñen todo o dereito a participar no noso movemento.

MARTA: Por que che preocupan tanto as mulleres?

LUCAS: Elas son a verdadeira expresión do cambio revolucionario, eeee....

REG: Eeeeeee?

LUCAS: Quero ser muller.

REG: Toleas?

LUCAS: Quero ser unha muller. De hoxe en diante quero que me chamedes “Loretta”.

REG: “Loretta”?

LUCAS: É o meu dereito como home.

JUDITH: Ben, e por que queres ser Loretta?

LUCAS: Quero parir.

MARTA: Queres parir?!?!

LUCAS: É un dereito ter fillos se un quere, non?

REG: Pero, pero... ti non podes ter fillos!

LUCAS: Non me oprimas.

REG: Eu non te oprimo. Ti non tes matriz! Onde pensas xestar ao neno?! Pensas gardalo nunha artesa?!

(LUCAS chora)

JUDITH: Escoitade! Eu.. eu teño unha idea. Estamos de acordo en que él non pode enxendrar fillos, o cal non é culpa de ninguén, nen sequera dos romanos, pero el pode ter o dereito a ter fillos.

MARTA: Boa idea, Judith. *(Dirixíndose a Lucas)* Nós loitaremos contra os opresores polo teu dereito a ter fillos, irmán. Perdón, irmá.

REG: Cal é o obxectivo?

MARTA: Que?

REG: Cal é o obxectivo da loita polo seu dereito a ter fillos cando él non pode ter fillos?

MARTA: Será o símbolo da nosa loita contra a opresión.

REG: Será o símbolo da súa loita contra a realidade.

Transición: *(Soan de novo as trompetas) Marte quere zoscarlle a Cleofé e perséguea pola escena, pero morre dun infarto. Braian achégase ao grupo coa bandexa de produtos)*

BRAIAN: Linguas de cochorra! Morros de lebre! Fígados de donicela!

LUCAS: Tes flocos de millo?

BRAIAN: Non, non teño. Hai fígados de paporrubio, criadillas de teixo...

LUCAS: Non, non.

BRAIAN: Morros de lebre?

REG: Non queremos nada dese lixo romano!

JUDITH: Por que non vendes comida decente?

(Música romántica? Braian recoñécea e queda prendado da súa fermosura)

BRAIAN: *(Despertando do sono)* Co.. comida decente?

LUCAS: Si, e non esas porquerías imperialistas.

BRAIAN: Está ben, non me culpen. Eu non escollín vender estas cousas.

REG: De acordo. Dáme unha bolsa de morros de lebre.

MARTA: Que sexan dúas!

BRAIAN: *(Dálle as bolsas)* Vós sodes a Fronte do Pobo Xudeu?

REG: Vai á merda! *(Despectivamente)* Fronte do Pobo Xudeu. Puaggg! Nós somos a Fronte Popular de Xudea!!!

MARTA: Gilipollas!

BRAIAN: Podo unirme ao voso grupo?

REG: Non, vai tomar polo cu!

BRAIAN: Eu non quero vender esta merda! Non é máis que un traballo. *(Berrando)* Eu odio aos romanos máis que ninguén!

TODOS OS DA FRONTE POPULAR: Shhh! Shhh! Shhhh! Shhh!

JUDITH: Estás seguro?

BRAIAN: Ódioos ata a morte! Ódioos todo o tempo!

REG: Atende. Se queres unirse de verdade á Fronte Popular de Xudea, tés que odiar realmente aos romanos.

BRAIAN: *(Con rabia)* Ódioos!

MARTA: *(Facendo burla)* De verdade? Canto?

BRAIAN: *(Falando con rabia)* Mooooooito!!!

REG: De acordo. Admitido! Agora escoita: aos únicos que odiamos máis que aos romanos son aos da Fronte do Pobo Xudeu.

JUDITH: Siiii! Disidentes!!!

TODOS OS DA FRONTE POPULAR: Disidentes!!!

MARTA: E aos da Fronte do Pobo Xudaico Popular.

TODOS OS DA FRONTE POPULAR: Si, Si, Disidentes!!!

LUCAS: E aos da Fronte Popular de Xudea.

TODOS OS DA F.P.X. AGÁS REG: Si, Si, Disidentes!!!

REG: Queee?

LUCAS: Os da Fronte Popular de Xudea, disidentes!

REG: Nós somos a Fronte Popular de Xudea!!!

LUCAS: Ah! Eu pensei que nós eramos a Unión Popular.

REG: *(Despectivo)* Unión Popular? Puaggg!

MARTA: E que foi da Unión Popular de Xudea, Reg?

REG: *(Sinalando a unha persoa do público)* Alí está.

TODOS OS DA FRONTE POPULAR: *(Cara ao espectador)* Disidente!!!

REG: Dime, irmán. Como te chamas?

BRAIAN: *(Música de “prota” ou de acción?)* Cohen, Braian Cohen.

REG: Ben, Braian. Temos un pequeno traballo para ti...

Transición: *Saen pola esquerda e baixa a luz a penumbra.*

ESCENA 7: ROMANES EUNT DOMUS

(Música de medo/misterio. Entra Braian tratando de non ser visto. Braian fai unha pintada no muro e a patrulla romana achégase por detrás.)

CENTURIÓN: *(Autoritario)* Que é isto! “Romanes eunt domus”? *(Traduce.)* “Romanos van casa”?

BRAIAN: *(Asustado)* Di, di... romanos, marchade para a casa!

CENTURIÓN: *(En plan mestre)* Non. Aí non di iso. Como se di “romano” en latín?

BRAIAN: Eeh!

CENTURIÓN: *(Colléndoo pola orella)* Veña! Como se di?

BRAIAN: Ro...ro...romanus?

CENTURIÓN: Remata en...?

BRAIAN: “Annus”?

CENTURIÓN: E o vocativo plural de “annus” é...?

BRAIAN: Ehh... “Anni”?

CENTURIÓN: (*Cóllelle a brocha e corrixe a pintada*) **Ro-ma-ni.**

“Eunt”? Qué é “eunt”?

BRAIAN: Ir, marchar...

CENTURIÓN: Conxuga o verbo “ir”. (*tíralle máis pola orella*)

BRAIAN: Ahh!... “Ire”...”eo”... “is”, “it”, “imus”, “itis”, “eunt”.

CENTURIÓN: Así que “eunt” é...?

BRAIAN: Ehh... terceira persoa plural do... presente de indicativo. “Eles van”.

CENTURIÓN: Ben, pero estamos dando unha orde, así que debemos usar...?

BRAIAN: O...o... imperativo!

CENTURIÓN: E cal é o imperativo...?

BRAIAN: Ah, oh, uhmmm...”i” “i”!

CENTURIÓN: Cantos romanos...?

BRAIAN: Ahh! Plural, plural.... “ite”, “ite”.

CENTURIÓN: (*Corruxe a pintada coa brocha*) **I-te.** “Domus”...?

BRAIAN: Eh?

CENTURIÓN: Domus en nominativo...?

BRAIAN: Oh!

CENTURIÓN: “Ir a casa” indica acción de movemento. Non é, rapaz?

(*Tíralle máis da orella*)

BRAIAN: Ah,ah, dativo, señor! Aaah! Non, non, dativo non! Aaaah!... Acusativo, é o acusativo! Ah! “domum”, señor, “ad domum”!

CENTURIÓN: Excepto cando “domus” leva o...?

BRAIAN: O locativo, señor?

CENTURIÓN: E cal é o locativo...?

BRAIAN: “Domum”

CENTURIÓN: (*Corruxe coa brocha*) **Do-mum.** Entendido, rapaz?

BRAIAN: Si, señor.

CENTURIÓN: Ben, pois agora escribo cen veces.

BRAIAN: Si, señor. Grazas, señor. Ave Cesar!, señor.

CENTURIÓN: Ave Cesar! Se non remataches pola mañá, córtoche as pelotas!

BRAIAN: Grazas, señor. Moitas grazas, señor. Ave Cesar e todo iso, señor!

(*Fica Braian facendo a pintada; a patrulla romana sae de ronda.*)

Transición: *(Entra polo patio de butacas a ex – leprosa)*

EX – LEPROSA: Esmola para unha ex–leprosa! Esmola para unha ex–leprosa! *(Diríxese a un espectador)* Vostede parece bondadoso. Unha moeda para unha ex–leprosa! *(Camiña cara ao escenario e vai contando a súa vida)* Dezasete anos coa lepra, levándoa con auténtica dignidade, pedindo esmola en mercados e feiras... e de súpeto fun curada. Milagre! Milagre! Eu levaba a miña vida de leprosa sen facer mal a ningún e un bo día achégase Xesús, ponme a man enriba e dime: estás curada! E aquí estou! Curada dun día para outro e sen un traballo digno co que gañar o pan. *(Subida xa no escenario)* É o que eu digo, non se pode ir pola vida facendo milagres sen preguntar antes á xente, non cren? Tamén é certo que poden ir xunto a el e dicirlle que me deixe manca ou torta dun ollo *(Vai saíndo mentres fala)* durante os días laborais e algún que outro festivo...

BRAIAN: Oh, humm...*(estírase)* Rematei!

(Entra a Patrulla romana.)

CENTURIÓN: Moi ben. E agora, non o volvas facer.

BRAIAN: Malditos romanos!!! *(Bota a correr)*

(A patrulla romana sae perseguindo a Braian)

ESCENA 8: ASALTO AO PALÁCIO DE PILATOS.

(Fronte Popular preparando o secuestro da muller de Pilatos. A escena transcorre na casa de Cleofé. Están: Judith, Reg, Marta, Lucas e catro activistas máis do F.P.X.)

(Música de película de espías)

MARTA: Entraremos polo sistema de sumidoiros. *(sinalando no mapa)* Aquí. Chegaremos á sala de audiencias. Aquí. O cuarto da muller de Pilatos está aquí. Cando a secuestremos, faremos saber a Pilatos que a temos no noso poder e presentámoslle as nosas reivindicacións. Algunha pregunta?

JUDITH: Cales son exactamente as nosas demandas?

MARTA: Darémoslle a Pilatos dous días para que desmonte completamente o estado de ocupación imperialista romano, e se non o fai nese tempo, executaremos á súa muller.

LUCAS: Cortaremoslle a cabeza?

MARTA: Cortarémola en anacos pequenos e irémosllos enviando cada hora. Demostrámoslle que isto non é un xogo.

REG: E por descontado, faremos fincapé en que eles serán os únicos responsables do que lle poida pasar, e que non cederemos ante a chantaxe.

LUCAS: Non admitiremos chantaxes!

REG: Xa nos desangraron, os moi bastardos. Invadíronnos e apropiáronse de todo o que tiñamos. E non só do noso, tamén do dos nosos pais, e do dos pais dos nosos pais.

LUCAS: E do dos pais, dos pais, dos nosos pais. E do dos pais, dos pais, dos pais, dos nosos pais. E do dos...

REG: Si, de acordo. Non lle deas máis voltas ao tema. E que fixeron en troques por nós os romanos?!

ACTIVISTA 1: O acueduto.

REG: Que?

JUDITH: Dixo o acueducto. Ten razón

REG: Oh, si, si. Eles fixérono, iso é verdade, si.

ACTIVISTA 2: E os sumidoiros.

LUCAS: Oh, si. Os sumidoiros. Recorda como cheiraba antes a cidade!

REG: Ben, de acordo. Debo admitir que o acueduto e os sumidoiros son dúas cousas que os romanos fixeron por nós.

ACTIVISTA 1: E as estradas.

REG: Vale, si. Evidentemente que as estradas, todo o mundo sabe que as fixeron eles. Pero fóra do acueduto, dos sumidoiros e das estradas...

ACTIVISTA 3: A auga potable.

ACTIVISTA 4: A sanidade.

ACTIVISTA 3: A educación.

REG: Si, si. De acordo. Xa abonda!

ACTIVISTA 2: E o viño, Reg. Esa é unha cousa importante que trouxeron.

ACTIVISTA 1: E os baños públicos.

JUDITH: E a seguridade! Agora pódese saír de noite ata ben tarde, Reg.

MARTA: Sí. Eses tipos saben como manter a seguridade cidadá. Limparon as rúas. Foron os únicos que puxeron orde na cidade.

REG: *(Enfadado)* Está ben, pero a parte do acueduto, dos sumidoiros, da auga potable, da sanidade, da educación, das estradas, do viño e da seguridade... que fixeron os romanos por nós?

LUCAS: Trouxeron a paz.

REG: *(Despectivo)* A paz, a paz. Cala a boca!

(Séntese petar na porta e todos se esconden baixo cousas ridículas. Volven petar máis forte. Cleofé énchese de valor e vai abrir a porta)

CLEOFÉ: Escondédevos ben!

(Abre a porta e entra Braian)

BRAIAN: Ola, Cleofé! *(Entra Braian.)*

CLEOFÉ: Braian! Foi todo ben?

(Entra Braian e achégase a Reg, que se ergue.)

REG: Como foi o traballíño?

BRAIAN: Escribino cen veces na fachada principal do Palacio con letras de todos os tamaños.
E sen faltas de ortografía!

MARTA: Fabuloso!!!

JUDITH: Necesitamos xente como Braian no noso movemento.

REG: (*Grandilocuente*) Xente capaz de dar a súa vida para liberar á nosa terra da opresión romana. Cántalle os nosos plans, Marta.

MARTA: (*Volve falar sobre o plano*) Ben. Este é o Palacio, na praza do César. O noso comando atacará pola rúa do Peixe, amparados na escuridade, e abrirá o camiño polo gran sumidoiro do noroeste. Se alguén nos descobre, diremos que somos traballadores do lixo que imos a unha conferencia. Reg, o noso lider glorioso e fundador da Fronte Popular de Xudea, será o coordinador da operación, mais el non participará no asalto porque padece do lumbago.

BRAIAN: Non vas vir connosco?

REG: Solidaridade, irmán! Solidariedade!

BRAIAN: Oh, sí. Solidariedade!

Transición: (*Marta vai explicando o plan ao tempo que simula ir polos baixos do Palacio de Pilatos. Braian, Judith, Lucas e os activistas síguena, participando na acción. Reg e Cleofé cambian o decorado*).

MARTA: Unha vez no palacio, o tempo vai ser esencial. Os romanos teñen previsto celebrar unha festa máis tarde, así que debemos movernos con rapidez. Procurade non levar sandalias novas, pois fan moito ruído. Xirando á esquerda, non!, non!, á dereita!, entraremos no Gran Sumidoiro feito na honra de César Augusto e, seguindo de fronte, chegaremos ao hipocausto. Estiveron de reformas e acaban de colocar baldosas novas, así que moito coidado cos esvaróns. Judith mirará que non haxa sentinelas e nos finalmente chegaremos baixo a sala de audiencias de Pilatos onde comezará o noso ataque... (*sons de pelexa*)

ESCENA 9: PONCIO PILATOS

(*Entra Braian custodiado polos Soldados 2 e 3 e polo Centurión*)

(*Música de trompetas anunciadoras*)

(*Entra Pilatos acompañado polo Soldado 1*)

CENTURIÓN: Ave, Cesar!

PILATOS: Ave!

CENTURIÓN: Sorprendemos a un comando terrorista dentro do Palacio! Capturamos un prisioneiro, señor!

PILATOS: Ben feito. *Aggoxalo* ao chan!

CENTURIÓN: Como di, señor?

PILATOS: (*Molesto*) *A-gggo-xa-lo* ao chan.

CENTURIÓN: Ahh. (*acena aos soldados para que o tiren ao chan*)

BRAIAN: (*Caendo de bruces*) Ough!

PILATOS: Vexamos... Como te chamas, xudeu.

BRAIAN: “Braian”, señor.

PILATOS: *Bggaiian, eh?*

BRAIAN: Non, non, “Braian”. (*o Centurión dálle unha labazada*) Aah!

PILATOS: Hi,hi,hi,hi. Este *bggiboncuelo* ten *coggaxe*.

CENTURIÓN: Como di, señor?

PILATOS: *Coggaxe*.

CENTURIÓN: Non tiñan carruaxe, señor, viñeron a pé.

PILATOS: Non, non, *coggaxe, valogg*. Ten un toque de *bggavuga*. A que *hogga* o *captuggagon*?

CENTURIÓN: Sobre as once da noite, señor.

PILATOS: Así que *queggias dagnos* unha *sogppgesa*?

BRAIAN: Unha que, señor?

PILATOS: Déalle unha *toggta Centuggión*, con moita *foggza*!

(*O Centurión zóscalle a Braian*)

BRAIAN: Auuuh!

CENTURIÓN: Arroxámolo ao chan, señor?

PILATOS: Que?

CENTURIÓN: Se o “*aggoxamos*” de novo ao chan, señor?

PILATOS: Oh, si. *Aggoxalo* ao chan de novo.

(*Os soldados levantan e tiran de novo a Braian*)

BRAIAN: Aah!

PILATOS: Vexamos, xudeu *aggogante*...

BRAIAN: Eu non son xudeu. Eu son romano.

PILATOS: *Ggomano*?

BRAIAN: Non, non, romano. (*O Centurión dálle unha labazada*). Aah!

PILATOS: Así que o teu pai foi un *ggomano*. Quen *egga*?

BRAIAN: Era Centurión na Guarnición de Xerusalem.

PILATOS: De *veggas*? Cal *egga* o seu nome?

BRAIAN: “Máximo Mínimus”.

CENTURIÓN: Ha, ha, ha, ha!

PILATOS: *Centuggión*, hai alguén con ese nome na nosa *Guaggnición*?

CENTURIÓN: Coido que non, señor.

PILATOS: Esta vostede *seguggo*? *Compggovouno*?

CENTURIÓN: Ben, non, señor. Ehmm, eu penso que é unha broma, señor, como... ehm, “Sobacus Sudadus” ou “Pijus Magníficus”, señor.

SOLDADO-1: *(Rindo polo baixo)*

PILATOS: Que ten de *ggacioso* “Pijus Magníficus”?

CENTURIÓN: Ben, é un nome de coña, señor.

PILATOS: Eu teño un *ggan* amigo en *Ggoma* chamado “Pijus Mgníficus”

SOLDADO-1: *(Rindo polo baixo)*

PILATOS: Silencio! Que é toda esta insolencia? *Acabaggás* na escola de *gladiadogges* moi cedo se segues con ese *compoggtamento* tan *iggespetuoso*!

BRAIAN: Podo marchar, señor? *(O Centurión dálle unha labazada)*. Aah!

PILATOS: *Espegga* a que “Pijus Magníficus” se *entegge* disto.

SOLDADO-1: *(Rindo polo baixo)*

PILATOS: De *acoggd*! *Aggésten*!

CENTURIÓN: Pero, señor, el só... só...

PILATOS: Non, non. *Queggo vegglo* pelexando no *ciggco* con *fieggas* famentas antes dunha semana!

SOLDADO-1: *(Escacha a rir)* Ha, ha, haaa, ha, ho,ho, hooo, hooo...

CENTURIÓN: De acordo, señor. Veña, imos!

(Colle ao Soldado-1 e saen da escena rindo os dous)

PILATOS: *(Achegándose aos outros dous soldados)* Non *pegmitiggei* que o meu amigo sexa *ggidiculizado* pola soldadesca. Alguén máis sente ganas de *ggigse* cando falo do meu amigo “Pijus...”

SOLDADO-2: *(Tentando aguantar a risa)*.

PILATOS: *(Encarado co soldado-2)* Magníficus”?

(Agora diríxese ao soldado-3)

SOLDADO-3: *(Tentando non escachar a rir)*

PILATOS: E a vostede que? *Paggécelle ggacioso* cando eu digo o nome... “Pijus... Magníficus”? O meu amigo ten unha esposa, saben?... *Queggen sabegg* o nome dela?...*(os soldados negan coa cabeza)* Chámase ...“Incontinencia”... “Incontinencia Suma”

SOLDADOS 2 e 3: *(Escachan a rir os dous)*

PILATOS: *(Indignado)* Calen! Isto é *intoleggable*! Estou farto deste *compoggtamento iggespetuoso e ggebeld*! Silencio!!!

(Braian aproveita a confusión para escapar)

PILATOS: Soldados *pggetogianos*, o *pggisione* escapa! *Aggésteno!!!*

(Saen os soldados tras Braian, sen parar de rir)

Transición: *Entra o Mercader co seu posto de vender barbas.*

ESCENA 10: O REGATEO

(Entra Braian escapando dos romanos e achégase o mercader)

(Durante a escena Braian está pendente de se chegan os romanos)

BRAIAN: *(Colle unha barba postiza)* Canto custa? Rápido!

MERCADER: Que?

BRAIAN: Perségume unha patrulla romana.

MERCADER: Ohh... vinte shekels.

BRAIAN: De acordo.

MERCADER: Que?

BRAIAN: *(Dálle os cartos)* Aquí os ten.

MERCADER: Agarda un momento.

BRAIAN: *(Angustiado)* Que?

MERCADER: Home!, suponse que temos que regatear.

BRAIAN: Non, non. Teño que marchar.

MERCADER: Que significa, non, non, non?

BRAIAN: Non teño tempo, téñome que ir...

MERCADER: *(Quítalle a barba)* Entón non cha vendo.

BRAIAN: Vale, de acordo. Que teño que facer?

MERCADER: Atende. Quero vinte shekels por ela.

BRAIAN: Eu...eu acabo de darchos.

MERCADER: *(Alzando a voz ao público)* Estame a dicir que esta barba non vale vinte shekels?

BRAIAN: Non.

MERCADER: Mírea ben. Sinta a calidade. Non atopará outra igual.

BRAIAN: De acordo. Dareiche dezanove entón.

MERCADER: Non, non, non. Veña, regatea ben.

BRAIAN: Que?

MERCADER: Regatea ben. Isto non vale dezanove.

BRAIAN: Pero... pero se acabas de dicir que vale vinte!

MERCADER: Meu Deus! Veña, regatea ben.

BRAIAN: Está ben. Dareiche dez.

MERCADER: Iso xa está mellor. (*Volve levantar a voz*) Dez? Estás tratando de insultarmeltarme? A min, que teño á miña nai enferma na casa? Dez?

BRAIAN: Vale, vale. Dareiche once.

MERCADER: Agora estalo facendo ben. (*Alza a voz*) Once? Escoitaría ben? Once? Custoume doce! Queres levarme á ruína?

BRAIAN: Dezasete?

MERCADER: Non, non, non. (*Con fastidio*) Dezasete!

BRAIAN: Dezaoitto?

MERCADER: Non. Agora tes que dicir catorce.

BRAIAN: Está ben, dareiche catorce.

MERCADER: Catorce? Estás de coña?

BRAIAN: É o que me dixeches que dixera!

MERCADER: (*Desesperado*) Meu Deus! Non es quen de aprender.

BRAIAN: (*Perdendo a paciencia*) Dime o que teño que dicir!

MERCADER: Ofréceme catorce.

BRAIAN: Douche catorce.

MERCADER: Estame ofrecendo catorce por esta barba?

BRAIAN: Quince!!!

MERCADER: Dezasete. É a miña última palabra.

BRAIAN: Dezaseis.

MERCADER: Feito. Foi un prazer facer negocios con vostede. Doulle esta cabaza de regalo.

BRAIAN: Vale, non a quero pero grazas. (*Fai por marchar*)

MERCADER: Espera! Onde estan os dezaseis shekels?

BRAIAN: Acabo de darlle vinte.

MERCADER: É certo. Teño que volverche catro. (*Busca na bolsa*)

BRAIAN: (*Querendo acabar dunha vez*) Déixaos. Douchos pola cabaza.

MERCADER: Catro? Catro por esta cabaza? Mírea ben. Cando menos vale dez!

BRAIAN: Pero se acabas de regalarma!

MERCADER: Si, pero vale dez.

BRAIAN: De acordo.

MERCADER: Non! Non vale dez. En que cabeza cabe! Tes que regatear.

(Desesperado ao ver aos romanos, BRAIAN, disfrazado, súbese nun pedestal ao lado dun profeta que está a predicar. Ao achegarse a patrulla a el, BRAIAN comenza a predicar tamén)

MERCADER: En fin, o mundo está cheo de pailáns!

(Comenza a predicar o profeta ao que escoitan a Caradura, a Ex-leprosa, o Home, a Muller 1 e a Muller 2)

PROFETA: ... e nesa hora, Lucifer chegará levando na súa man unha espada de nove follas. Nove follas! Non dúas, nin cinco, nin sete, senón nove follas, que brandirá contra os desgraciados pecadores! Pecadores coma ti, e coma ti, e coma ti... *(as oíntes ao verense sinaladas, van marchando e achéganse a BRAIAN)*.

BRAIAN: *(Ao primeiro non di nada, pero ao achegárense a el os romanos comenza a predicar)* Naquel tempo houbo un home que tiña dous criados...

CARADURA: Como se chamaban?

BRAIAN: Que?

CARADURA: Cales eran os seus nomes?

BRAIAN: Non o sei. Aquel home deulle dous talentos a cada un.

MULLER 1: Non o sabes? Non sabes os seus nomes?

BRAIAN: Ben, iso agora non ten importancia.

MULLER 2: Que conto é este? *(Aos outros)* Non sabe como se chamaban!

BRAIAN: Está ben, chamábanse Simón e Mateo. Así que...

EX-LEPROSA: Dixeches que non o sabías. Estalo inventando.

BRAIAN: Iso non é importante. O caso é que os dous criados...

HOME: Estas a burlarte de nós.

BRAIAN: *(Irritado)* Ooh! Ehm... Escoitade isto: Benaventurados os limpos de corazón porque eles verán...*(Os romanos, aburridos, marchan do lugar e Braian vai observando como marchan sen prestar atención ao que está dicindo)* porque eles verán... eles verán...verán...

MULLER 1: Que verán?

BRAIAN: Que?

EX-LEPROSA: Que é o que verán eles?

BRAIAN: *(Véndose xa fóra de perigo)* Ah!... Nada.

CARADURA: Que ías dicir?

BRAIAN: Nada, xa rematei.

MULLER 2: Ías dicir algo. *(Pechánlle o paso para que non marche)*

BRAIAN: Non. Xa rematara.

EX-LEPROSA: Por que non nolo queres dicir?

HOME: Non podes marchar sen dicírnolo!

BRAIAN: Non teño máis que dicir. Deixádeme marchar!

CARADURA: Dío antes de marchar!

MULLER 1: *(Falando cos outros)* Non nolo quere dicir porque é un segredo.

BRAIAN: *(Sentíndose acosado)* Deixádeme en paz!

EX-LEPROSA: Dinos o teu segredo.

CARADURA: É o segredo da vida eterna?

BRAIAN: Deixádeme marchar!

EX-LEPROSA: Dínolo Mestre, queremos escoitalo!

BRAIAN: Marchade ás vosas casas!

MULLER 2: Ti es o Mesías. Dinos o segredo da vida eterna, Mestre!

CARADURA: Ti es o elexido! Fala para nós, Mestre.

BRAIAN: Non, non. Deixádeme dunha vez!

EX-LEPROSA: Mestre, deixame manca os días laborais para poder gañar a vida honradamente!

BRAIAN: Marchade dunha vez!

MULLER 1: Non. Debemos seguirte, Mestre. Ti es o Mesías.

BRAIAN: Eu non son o Mesías!

CARADURA: *(Fala cos outros)* Si que o é. Eu levo anos escoitando profetas e sei distinguir a un mesías verdadeiro dun falso.

BRAIAN: Escoitade! Eu – non- son – o – Me-sí-as!

MULLER 2: Soamente o verdadeiro Mesías negaría a súa divinidad.

BRAIAN: Está ben. Son o Mesías, pero agora deixádeme marchar.

OS CINCO OINTES: *(Axeonllados)* Alabado sexa o Mesías. Danos a túa bendición. Seguirémoste onde vaias.

BRAIAN: *(Fastidiado)* Non, non. Estadese equivocados. Non tedes por que seguirme. Non tedes por que seguir a ninguén. Debedes pensar por vós mesmas.

OS CINCO OINTES: Si, debemos pensar por nós mesmas!

BRAIAN: Sodes persoas individuais.

OS CINCO OINTES: Si, somos persoas individuais.

BRAIAN: Sodes diferentes.

OS CINCO OINTES: Si, somos diferentes.

BRAIAN: Debedes actuar con criterios propios.

OS CINCO OINTES: Si, debemos actuar con criterios propios.

BRAIAN: *(Mira para eles, que seguen axeonllados e aproveita para marchar)* Isto é demasiado!

OS CINCO OINTES: *(Saen tras Braian)* Mestre! Mestre! Non nos desampares.

Transición: *(Comenza a falar novamente o Profeta, que quedara como petrificado durante toda a escena)*

PROFETA: E chegará un tempo no que as serpes cuspirán todo o seu veneno e os buratos das prostitutas contaxiarán noxentas enfermidades. A besta será escura e grande e os seus ollos estarán tinguidos polo sangue de criaturas vivas, cabalgará sobre unha serpe de sete cabezas e espallará por toda a terra as sete pragas.... *(Baixa ao ver que está soa e ninguén a escoita)*

ESCENA 11: REXISTRO NA CASA DE CLEOFÉ

(Reg, Marta e Lucas-Loretta, reunidos na casa da vella Cleofé, fan balance dos compañeiros mortos na acción do comando)

REG: Daniela.

MARTA: *(Tachando nunha lista)* Daniela.

LUCAS: Isaías.

MARTA: Isaías.

REG: María.

MARTA: María.

REG: E Braian.

MARTA: Braian.

REG: Propono que estes compañeiros e compañeiras caídos na loita, sexan nomeados mártires da causa.

LUCAS: Apoio a moción.

REG: Grazas. A pesar de todo, estes bastardos non nos farán desistir. Unha catástrofe coma esta non pode ser máis que o principio! Estas gloriosas mortes fornecerán a nosa unidade...

(Séntese chamar á porta)

CLEOFÉ: Escondédevos!

(Escóndense tras obxectos absurdos. Abre a porta e entra Braian)

BRAIAN: Ola, Cleofé! *(Achégase a Reg que contesta sen descubrirse)* Reg!

REG: Lárgate!

BRAIAN: (*Achégase a Marta*) Marta? Son eu, Braian.

MARTA: Fóra axiña!

BRAIAN: (*Achégase a Lucas*) Loretta?

LUCAS: Cála! Vannos descubrir!

(*Chaman de novo á porta*)

CLEOFÉ: (*A Braian*) Veña! Escóndete ti tamén.

(*Chaman con máis forza*)

CLEOFÉ: (*Vai abrir a porta*) Os meus ollos están nubrados. Xa non podoo ver.

CENTURIÓN: Es ti Cleofé?

CLEOFÉ: Si, son eu.

CENTURIÓN: Temos razóns para pensar que escondes a Braian de Nazaret, un destacado activista da Fronte Popular de Xudea.

CLEOFÉ: Quen, eu? Non. Eu soamente son unha pobre vella. Non teño relación con delincuentes. As miñas pernas están nubradas, as miñas orellas están cansas e os meus ollos xa non escoitan.

CENTURIÓN: Cala, vella estúpida! Soldados! Rexistren a casa. (*Entran dous soldados e rexistran sen atopar nada*). Sabes cal é a pena que che pode caer segundo o código romano por esconder a un criminal?

CLEOFÉ: Non.

CENTURIÓN: Crucifixión!

CLEOFÉ: Oh!

CENTURIÓN: Horrible, non?

CLEOFÉ: Hum... podería ser peor.

CENTURIÓN: Que queres dicir con “podería ser peor”?

CLEOFÉ: Ben, podería ser degolada.

CENTURIÓN: Degolada? Iso leva un segundo! A crucifixión dura horas! É unha morte lenta e horrible.

CLEOFÉ: Si, pero estás no campo e podes respirar aire puro.

CENTURIÓN: Es unha vella ben rara.

(*Saen os dous soldados*)

SOLDADO: Non atopamos nada, señor!

CENTURIÓN: Vai con coidado. Permaneceremos espiando, vella tola.

CLEOFÉ: (*Mentres pecha a porta*) Narizotas! Esta vez houbo sorte!

BRAIAN: (*Saen todos do seu escondite*) Síntoo moito, Reg.

REG: Vaia. Isto é fantástico, xenial! Di que o sente. Trae á Quinta Lexión ao noso cuartel xeral e di que o sente. Pois nada, Braian. Senta, por favor. Colle unha pasta e tómate

algo. *(Gritando)* Estúpido! Pailán! Cerebro de mosquito! En que andabas a pensar! Lárgate de aquí antes de que nos collan a todos.

(Todos marchan e deixan a Braian só.)

ESCENA 12: ARRESTO DE BRAIAN.

(Chega Judith.)

JUDITH: Braian! Braian!

BRAIAN: Judith!

(Música romántica. Dan uns pasos de baile)

JUDITH: Braian! Oh, Braian, estiveches fantástico!

BRAIAN: Ben, ti...ti tampouco estás nada mal...

JUDITH: Non, refírome á túa audacia. Foi impresionante a pintada que fixeches ti só. O asalto ao Palacio de Pilatos. A forma na que escapaches dos romanos. *(Namorada)* E o teu valor. Está a perseguirte a Quinta Lexión en pleno e ti non mostras o máis mínimo temor.

BRAIAN: *(Sen saber que decir)* Vaia, eu... eu...

JUDITH: A liberación do noso pobo non precisa ningún mesías, Braian ti es o lider que estabamos agardando. Reg non é máis que un inmovilista e ten paralizado o noso movemento dende hai anos.

BRAIAN: *(Mirándose nos seus ollos)* Non sei, se ti o dis...

JUDITH: Pensámolo moitos e alguén debería dicirlló, pero coido que só ti tes o valor necesario!

BRAIAN: *(Prendado polas súas palabras)* Judith, ti es... es tan fermosa.

JUDITH: Esta é a nosa revolución, Braian! Todos te seguiremos!

BRAIAN: *(Espertando)* Non! Agarda. Non empeces ti con esa tolemia. Non necesitamos seguir a ninguén. Debemos pensar por nós mesmos. Iso é o importante. Ninguén ten que marcarnos o camiño a seguir nin dicirnos polo que temos que loitar.

JUDITH: *(Eufórica)* Tes razón, Braian. Xuntos derrotaremos ao imperialismo romano. A revolución está nas túas mans!

BRAIAN: *(Confuso)* Judith, non me estás escoitando. Eu non estou a dicir iso!

(Durante as últimas frases entra paseniñamente o Centurión con dous soldados e de súpeto colle a Braian fortemente polo ombro)

CENTURIÓN: Collinte, maldito bastardo! Fixéchesme suar tinta pero a túa sorte esgotouse. Soldados! Levádeo ante Pilatos. *(Cando dá a volta, Judith zóscalle no casco)* Para xa!

(Judith sae perseguíndoos.)

ESCENA 13: REUNIÓN DO F.P.X. MENTRES BRAIAN ESTÁ NA CADEA.

(Reg, Marta e Lucas, reunidos no cuartel xeral. Lucas levanta acta.)

REG: Punto número catro: Como alcanzar a supremacía mundial nos próximos cinco anos. Marta, ti estiveches traballando neste tema.

MARTA: Grazas, Reg. Ben, a situación é francamente complicada. Coido que pensar en acadar este obxectivo en cinco anos é demasiado optimista, a non ser que derrotemos ao Imperio Romano nos próximos doce meses.

REG: En doce meses?

MARTA: Si, doce meses, e temos que ter en conta que en cuestións de imperios este é o número un. Así que será mellor que pasemos á acción inmediatamente. A partir de agora é importante que deixemos as palabras e pasemos á acción.

LUCAS: Eu estou de acordo. O que conta é a acción e non as palabras. Necesitamos pasar á acción xa!

REG: Totalmente de acordo. Podemos pasar todo o día sentados ao redor desta mesa falando, aprobando resolucións e pronunciando fermosos discursos, pero con iso non conseguiremos que caia ningún maldito romano.

MARTA: Ben, deixémonos de parolas e de parloteos baleiros que non conducen a ningures.

LUCAS: Estou de acordo. Non son máis que unha inútil perda de tempo.

(Judith entra en escena alterada pola detención de Braian)

JUDITH: *(Berrando)* Os romanos detiveron a Braian!

REG, MARTA, LUCAS: Que?

JUDITH: Detiveron a Braian. Levárono pola forza ao Palacio de Pilatos e queren crucificalo!

REG: Está ben, está ben. Compañeiros e compañeiras: debemos tomar unha resolución inmediata.

MARTA e LUCAS: De acordo.

JUDITH: *(Incrédula)* Que?!

LUCAS: Reg, abrimos unha quenda de palabra para unha nova moción?

REG: Unha moción completamente nova. Debemos trazar un plan de acción.

MARTA: E actuar unha vez sexa sometido a votación.

REG: Obviamente. Non podemos pasar á acción sen debater a moción e sometela a votación.

JUDITH: Imos rescatalo axiña! Os romanos van crucificalo! É que non o entededes?!

REG: *(Sen escoitala)* De acordo coa información que aporta a compañeira Judith...

LUCAS: *(Que está levantando acta)* Máis despacio, Reg.

JUDITH: (*Desesperada*) Por Deus bendito, Reg! Todo o que temos que facer é saír por esa porta e liberalo antes de que o craven na cruz! Saír e liberalo! (*Dáse conta de que non a escoitan e sae da escena maldecindo*) Mal raio vos parta!

MARTA: Vaia xenio!

REG: (*Gracioso*) Unha pequena demostración do furor feminista, eh?

LUCAS: Que?

REG: Oh, desculpa. (*Cambiando de tema. Empezan a saír.*) Poderías ler a parte final, Loretta?

Transición: (*Vella prisioneira e Braian encadeados*)

VELLA: Que sorte tés, desgraciado!

BRAIAN: (*Limpando o cuspe da cara*) Quen fala?

VELLA: Non es máis que un maldito sortudo. Seguro que sobornaches aos gardas. Daríaslles un puñado de sekels para que te trataran ben.

BRAIAN: Sobornalos? Non viches como me cuspiron na cara?

VELLA: Ohhh, que ledicia! Non sabes o que eu daría porque me cuspiran de cando en vez na cara. Moitas veces, colgada aquí polas noites, soño que veñen os gardas cuspirme na cara. Non sabes a sorte que tes, rapaz. Senteste desgraciado só porque che puxeron uns grillóns e te encerraron nesta cela. A miña idea da felicidade é poder levar grillóns aínda que só fose durante unhas poucas horas. Levo colgada cinco anos e non podes nin imaxinar a soidade que se pode chegar a sentir. Se cando menos me baixaran algunha vez para azoutarme ou se achegase a min algún carceleiro para cuspirme!

BRAIAN: Deixeme en paz!

VELLA: Mais eu non son unha enchufada coma ti. Deben terche moita consideración. Seguro que te han crucificar. Que dignidade poder morrer crucificado! A crucifixión é o mellor que fixeron por nós os romanos. Ben seguro. De non haber crucifixións, este país non sería máis que un río de sangue. (*Berrando*) Carceleiro, crucifixión xa! Carceleiro, crucifixión xa!. Mira o meu caso, téñenme colgada dende hai cinco anos e soamente me baixan vinte minutos no día. Así foi como aprendín a respetar aos romanos e a entender que non se chega a nada na vida se non estás preparada para traballar duro cada día.

(*Chega o centurión e os soldados a buscar a Braian*)

CENTURIÓN: (*Diríxese a Braian*) Ti, érguete! Pilatos quere verte!

BRAIAN: Pilatos? (*Con medo*) Para que quere verme?

CENTURIÓN: (*Gracioso*) Coido que quere saber como desexas ser crucificado.

VELLA: (*Celebrando a graza*) Esa foi boa! Centurión. Moi boa!

CENTURIÓN: Cala, vella tola!

VELLA: Si, señor. Xa calo, señor. Que gran raza a destes romanos! Que gran raza!

ESCENA 14: ANTE PILATOS

(O Centurión e os dous soldados levan a Braian ante Pilatos e tírano ao chan.)

(Música de trompetas anunciando a Pilatos, que entra acompañado de Incontinencia.)

PILATOS: Ben, *Bggaian*. Fixéchesnos *coggeg* moito a *tggas* túa.

BRAIAN: O que? *(Danlle un cachete)* Aah!

PILATOS: *Peggo* esta vez, eu *gaggantizo* que non *escapaggás*. *CentuggiÓN*, hai algunha *cggucifixión* *pggevista* *pagga* hoxe?

CENTURIÓN: Cento trinta e nove, señor. Hoxe é un día especial. É o día da Pascua Xudea.

PILATOS: De *acoggd*. *Agoga* *teggemos* cento *cuaggenta*. Un *numeggo* bonito, non *cggees*, Incontinencia?

INCONTINENCIA: *(Sorrindo)* Certamente, meu amigo.

BRAIAN: Eu son romano! Eu...eu podo probalo. Son inocente!

PILATOS: Levádeo!

BRAIAN: Van cometer unha inxustiza! Quero falar co meu avogado!

PILATOS: Tes avogado *escoggia* inmunda?

BRAIAN: Non, pero eu son romano!

PILATOS: Hai cento *tgginta* e nove *peggsoas* *espeggando* *pagga* *seg* *cggucificadas*. Non podemos facelas *espeggag*, *seguía* unha falta de *coggtesía*. Levádeo e *cggucificaglo* ben!

(Os soldados sacan a Braian da escena)

BRAIAN: *(Aos soldados)* Agardade! Non tedes por que facer isto. Pensade por vós mesmos. Non tedes por que cumprir ordes!

SOLDADOS: Disfrutamos cumprindo ordes.

PILATOS: Ben, unha vez *ggematado* este asunto tan *desaggadable*, *pggonunciaggei* o meu *discugso* da Pascua Xudía. O pobo debe *estag aguagdando*.

CENTURIÓN: Señor, coido que tal vez este ano debería esquecer o discurso.

PILATOS: Esquecelo? O meu *discugso* é o *máis impogtante* da festa. Miña *queggida* amiga Incontinencia Suma, viuva de Pijus Magníficus fixo un longo camiño dende *Ggoma* *paga* escoitalo.

CENTURIÓN: Señor, este ano a multitude está un pouco exaltada.

PILATOS: *CentuggiÓN*, estou *sogppgendido* de que o asuste o populacho. *(apartando ao CenturiÓN)* Anuncie a miña presenza! *(Diríxese ao proscenio)* Incontinencia!

INCONTINENCIA: *(Avanza con Pilatos)* Irei con voz. Eu *dareivoz* *azitencia* en caso de conflito.

(O centurión alza as mans anunciando a presenza de Pilatos)

(Música de trompetas. Os soldados baixan e sitúanse entre o público.)

PILATOS: *(Alzando os brazos e dirixíndose ao público)* Pobo de Xeggusalem! pagga pggobag nuestgga amizade, libeggagei a un pggisionego das nosas mazmoggas! A quen queggedes que libegge.

PÚBLICO: Solta a Roberto.

PILATOS: Ben, libeggagei a Ggobegto!

CENTURIÓN: Señor, non temos ningún Roberto.

PILATOS: Que?

CENTURIÓN: Non temos ninguén con ese nome, señor.

PILATOS: *(Diríxese ao público)* Non temos ningún Ggobegto.

PÚBLICO: *(Ríndose)* Libera entón a Ramón.

PILATOS: *Centuggión* de que se ggien?

CENTURIÓN: Debe ser un costume xudeu, señor.

PILATOS: *(Mosqueado)* Estanse buglando de min?

CENTURIÓN: Oh, non, señor...

PILATOS: De *acogdo* libeggagei a Ggamón!

CENTURIÓN: Tampouco hai ningún Ramón, señor.

PILATOS: *(Fala co Centurión)* Non temos Ggobegto, non temos Ggamón. *(Molesto)* Temos algún pggisionego nas nosas mazmoggas?

CENTURIÓN: *(Desenvolve un pergamiño)* Temos a Sansón o sádico estrangulador... *(Adiántase Incontinencia e quítalle o pergamiño)*

INCONTINENCIA: Déixame a min! *(Alzando a voz)* Temoz a Zanzón, o zádico eztranguladod. A Zimón, o azezino azidio, a Badabaz o zanguento zacauntoz, a zezenta inzudgentez aziáticoz, a zeizcientoz zoldadoz filizteoz...

PÚBLICO: *(Ríndose)* Solta a Sara!!!

INCONTINENCIA: *(Fala con Pilatos)* A Zara? Ezo non é unha tenda de roupa? Eztan a burlarze de noz?

PILATOS: Xa abonda! *Daggeivos* unha *deggadeiga opgtunidade!* Peggo esta vez non queggo ningún Ggobegto, nin Ggamón, nin Ggubén!

(Entra Judith polo fondo do público)

JUDITH: Solta a Braian! Solta a Braian!

PÚBLICO *(Eufóricos)* Si, si, solta a Braian, a Braian!!!

PILATOS: Isto é *intoleggable!!!* Acabouse a miña paciencia. *Centuggión* aggeste a *cuaggenta insuggentes e cggucifíqueos!!!* Así *apggendegán* a *ggespetag* a Ggoma.

(Marchan da escena Pilatos e Pijus)

CENTURIÓN: *(Sae tras deles tentando que o escoiten)* Señor, señor. Temos un Braian entre os prisioneiros...Espere...temos un Braian!

Transición: MÚSICA: REDOBLE DE TAMBOR. *(Polo lateral entran dous soldados; un vai explicar ao público o que van ver a continuación. Posteriormente diríxese aos crucificados para iniciar a procesión)*

SOLDADO: *(Dirixíndose ao público)* Boas noites, señoras e señores. Como todos vostedes ben saben, estamos a celebrar a Pascua Xudea. Por tal motivo, hoxe faremos un desfile especial. Os condeados á crucifixión desfilarán en procesión polas rúas principais da cidade *(nomeararanse un percorrido con ruas da vila onde ten lugar a representación)*. Permanezan atentos e poderán observar a perfecta harmonía do desfile. Os condeados camiñaran perfectamente alineados, mantendo dous metros de distancia entre cada un e portando con exquisita elegancia cadansúa cruz sobre o ombro dereito. A tenue luz das antorchas que iluminan as rúas, daralle un toque máxico a estes momentos de reflexión e recollemento, engadindo un aire cinematográfico ao sufrimento destes desgraciados, a través das pingas de suor e sangue presentes nos seus rostros.

(O outro soldado pasa a dirixirse aos condeados e preguntalles polo seu sino.) ¿Crucifixión? Adiante! *(todos asinten; salvo Caradura que fai unha broma. iníciase a procesión.)*

A-ten-ción! Señores, este ano a cidade está chea de turistas procedentes de todos os recunchos do Imperio. Confío plenamente na vosa profesionalidade. Non os defraudedes. *(Con música fúnebre camiñan ata o Calvario. Cada ún coloca a cruz no seu sitio e aotocrucifícase)*

ESCENA 15: A CRUCIFIXIÓN

(Imaxe típica do Calvario. Braian no medio, á esquerda Caradura e á dereita Cleofé)

SOLDADO: Ben, e agora a portarse como auténticos xudeos. Estamos na Pascua e virán moitos turistas para ver as crucifixións.

CARADURA: Eu non son xudía, son samaritana. Quero que me crucifiquen no sector dos samaritanos.

SOLDADO: Cala a boca!

CARADURA: De acordo coa lei de ocupación romana temos dereito a seren crucificados en sectores separados.

SOLDADO: De acordo. Faremos unha votación. Os que non queiran ser crucificados neste sector, que levanten a man. *(A Caradura fai intento por facelo)*. Moi ben, asunto resolto! Grazas pola súa colaboración. *(Sae da escena)*

CARADURA: Oíches, Braian? Non se está tan mal, unha vez que estás aquí enriba.

CLEOFÉ: Pensades que virán rescatarnos?

BRAIAN: É un pouco tarde para iso, non?

CARADURA: Non creas? Moita xente pasa aquí subido dous ou tres días e logo son rescatados.

BRAIAN: De verdade?

CARADURA: Si! O meu home xa me ten rescatado un par de veces. Espero que hoxe non se metera nalgún burdel! O seu rabo está sempre subindo e baixando coma o Imperio Asirio.

CLEOFÉ: Mira! Aí chegan os teus camaradas, Braian!

(Aparecen Reg, Marta e Lucas)

BRAIAN: Reg!!!

REG: Saúde, irmán!

BRAIAN: Gracias a Deus que chegades!

REG: Oh, ben... antes de nada teño que comunicarche que non somos o que se entende por un comando de rescate. Sen embargo, eu fun nomeado para dar lectura ao seguinte manifesto en nome do noso Glorioso Movemento: *(Reg desprega un pergamiño ao que dá lectura)* Nós, a Fronte Popular de Xudea, ábrese paréntese, sector oficial, péchase paréntese, polo presente documento, queremos transmitirche a nosa máis sincera e fraternal gratitude por este heroico acto contextualizado no teu martirio.

BRAIAN: Que?! Toleaches!

REG: A túa morte marcará un fito histórico na loita pola liberación da terra dos nosos ancestros das mans dos malditos imperialistas romanos, excluindo aqueles relacionados cos acueductos, as estradas, os sumidoiros, a sanidade, a viticultura ou calquera outra actividade que teña contribuído ao benestar dos xudeus de ambos sexos e os hermafroditas. Asinado: Fronte Popular de Xudea. Como nota persoal, Quero engadir a miña admiración polo que estás a facer por nós.

BRAIAN: Que son todas esas chorradas que estás dicindo?

REG: Adeus, Braian, e grazas por todo.

MARTA: Ben feito, Braian. Mantente firme!

LUCAS: Unha acción abraiante. Estou sobrecollida.

REG, MARTA, LUCAS: *(Murmurando)*

REG: De acordo.

REG, MARTA, LUCAS:

É un rapaz excelente

É un rapaz excelente

É un rapaz excelenteeee

E sempre o será

LUCAS: E sempre o será *(Reg reprímeo)*

(Aplauden e marchan compunxidos)

BRAIAN: Bastardos! Malnacidos! Miserentos! Volvede, desgraciados!

(Aparece Judith polo outro extremo)

JUDITH: Braian! Braian! Braian!

BRAIAN: *(Esperanzado)* Judith! Judith!

JUDITH: Grandioso! Extraordinario! Reg explicoumo todo e agora entendo o enorme sacrificio que estás a facer por nós. Grazas, Braian. Eu... eu nunca poderei esquecerme de ti. *(Marcha)*

BRAIAN: *(Desesperado)* Judith! Judith!

(Aparece a nai polo outro extremo)

NAI: Braian!, baixa de aí inmediatamente! Xa dicía eu que algún día rematarías así. Non sabes máis que darme desgustos. Cando penso en todo o cariño que che dei e en todos os coidados que desperdiciei contigo. Cres que esta é forma de tratar á túa pobre nai? Así é como me pagas? Pois veña, que te crucifiquen! Tanto como coidei de ti...

(Ela segue rosmando mentres marcha e Braian chámaa.)

BRAIAN: Mamá!

NAI: Debín supoñer que acabarías así. Sempre pensando no sexo!

BRAIAN: Mamá!

NAI: Iso é o único que lles interesa aos novos nestes tempos...

BRAIAN: Mamá!

NAI: Non sei a onde iremos parar por este camiño...

BRAIAN: *(Totalmente derrotado)* Mamá!

CLEOFÉ: *(Always look on the bright side of life)* Anímate Braian!

CLEOFÉ: *(Always look on the bright side of life)* Anímate Braian!

Algunhas cousas na vida son malas,
tanto, que te poden volver realmente
tolo;

outras so fan que xures e maldigas.

Cando todo ao teu redor entra en crise,
non refunfuñes e asubía,
iso axudarache a sacar o mellor das
cousas,...así que....

Always look on the bright side of life
(Asubíos)

Busca o lado bo do teu vivir (Asubíos)

Se a vida pinta en negro
non debes de esquecer
que todo, todo!, podes resolver.
Cando esteas deprimido, parvo!
comenza a asubiar
e así verás que todo vai cambiar...e

Busca o lado bo do teu vivir (Asubíos)

Busca sempre o mellor do teu vivir
(Asubíos)

Se a vida é moi absurda
e a morte é unha obsesión
dá a cara sen preocupación.

Esquece a túa vergoña
demostra o teu valor!
e goza da caída do telón...si

Busca o lado bo de ter que morrer
(Asubíos)
xusto antes de falecer *(Asubíos)*

Se a vida é unha merda
procúralle outra cor;
ti podes, Braian, ser un gran pintor.
A morte é un mal chiste:
non deixes de sorrir
que o último en marchar has ser ti...e
Busca o lado bo do teu vivir *(Asubíos)*
Hai un lado bo no teu vivir *(Todos*
cantan e bailan)(Asubíos)

(Soa o estribillo repetidamente mentres
Cleofé berra as frases finais)

Veña, Braian. Anímate!
Que tes que perder?
Saíches da nada e voltas á nada
Así que nada perdiches, Braian. Nada!

-FIN-